

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15000016	CEIP Plurilingüe San Marcos	Abegondo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	4º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

1. Introducción

Esta programación de Ciencias da natureza desenvolverase tendo en conta o entorno físico no que nos atopamos, dentro dunha contorna rural, na que aproveitaremos ao máximo os recursos dispoñibles da propia realidade e do propio centro. Esta área concíbese tendo como principal obxectivo que as nenas e os nenos se volvan activos, responsables e respectuosos co mundo en que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sostible.

As ciencias naturais, polo tanto, implican entender a ciencia como un proceso de investigación, a través da observación sistemática, a medición, a experimentación e a formulación de hipóteses, como base do método científico e eixo central da área, tratando así de dar resposta aos principais problemas dunha sociedade globalizada, e tendo en conta o rápido desenvolvemento e o progreso científico-tecnolóxico.

Para iso, os alumnos deben adquirir conceptos, habilidades e actitudes relacionadas co saber e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional, así como o respecto aos seres vivos e ao seu contorno, a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Por outra banda, a dixitalización dos contornos de aprendizaxe esixe que os alumnos fagan un uso seguro, eficaz e responsable da tecnoloxía.

Propiciarase o desenvolvemento cognitivo e emocional dos alumnos, facilitando o descubrimento activo a través da formulación de preguntas, a procura de información de diferentes fontes seguras e confiables e a realización de experimentos de investigación relacionados cos diferentes elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

CIENCIAS DA NATUREZA estrutúrase en catro bloques: Cultura científica, A vida no noso planeta, Materia, forzas e enerxía e Tecnoloxía e Dixitalización.

Partindo do anterior o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía, o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

A gradación dos contidos, a súa programación e secuenciación traballarémolas de forma integrada, adaptándose ás intencións didácticas e as esixencias formativas que os alumnos requiren.

A diversidade do alumnado presente na aula leva establecer de maneira intrínseca unha adecuación a dita diversidade establecendo o desenvolvemento competencial e integral do alumnado como eixo vertebrador.

Os recursos do centro, a posta en marcha de actividades e espazos ao abeiro do Programa Proxecta, a contribución ao desenvolvemento do programa de Paisaxe e sustentabilidade, o PAVD, e "Donas de si"; levaranos a afondar en aspectos relevantes para un desenvolvemento global do alumnado así como a fornecer unha visión do ámbito científico ética, crítica, responsable e sen prexuízos, tamén favorecido polo desenvolvemento do propio PDI que versa sobre as Olimpíadas, sendo o eido científico un dos de maior desenvolvemento. Contamos igualmente co recursos de carácter dixital e tenolóxico da Biblioteca e o espazo de Polos Creativos concebidos como espazo creativo.

Todo isto levaráse a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

Analizando os obxectivos e o perfil competencial da área de Ciencias da natureza apréciase a súa especial contribución ao desenvolvemento das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Ademais achega unha incidencia notable á competencia social e cívica. Tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia dixital, a competencia de aprender a aprender, a competencia en comunicación lingüística e a competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A área adquire un protagonismo principal na competencia básica en ciencia e tecnoloxía, xa que moitos das aprendizaxes que integra están totalmente centrados na interacción do ser humano co mundo que lle rodea. A competencia vaise construíndo a través da asimilación de conceptos que permiten interpretar o mundo físico próximo, elementos e factores moi visibles da contorna, pero fano seguindo determinados pasos do método co que se constrúe o coñecemento científico: acertada definición dos problemas que se investigan, estimación de solucións posibles, elaboración de estratexias adecuadas, deseño de pequenas investigacións, análises de resultados e comunicación destes. , xa que moitos das aprendizaxes que integra están totalmente centrados na interacción do ser humano co mundo que lle rodea. A área ofrece a oportunidade de utilizar ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas, co que contribúe así, ao desenvolvemento da parte matemática da competencia.

Competencia social e cívica

A área aborda o ámbito das relacións próximas (a familia, os amigos, os compañeiros do centro educativo etc.)/ etc.),

o que supón o coñecemento e a manifestación de emocións e sentimentos en relación cos demais. Polas características propias da área é fácil e recomendable a utilización do traballo cooperativo como metodoloxía vertebradora, todo o relativo á realización de proxectos, pequenas investigacións, ... daranos pé a desenvolver en profundidade aspectos tan fundamentais para as competencias sociais e cívicas como o diálogo, o debate, a resolución de conflitos e habilidades sociais como as asunción de responsabilidades en grupo, aceptación e elaboración de normas de convivencia.

Competencia dixital

Inclúense explicitamente na área os contidos que conducen á alfabetización dixital, e cuxa aplicación nesta e no resto das áreas contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. A utilización básica de ordenadores, a procura guiada na internet e o manexo dun procesador de texto moi necesarios na seguinte etapa, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desa competencia. As TIC constitúen un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio, sendo ademais unha ferramenta atractiva, motivadora e facilitadora das aprendizaxes, pois permite aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos á súa experiencia.

Competencia aprender a aprender

Esta competencia esixe que o alumno coñeza que estratexias de aprendizaxe son as as que lle ofrecen mellores resultados, cales son os puntos fortes e débiles das súas capacidades, de forma que poida organizar as aprendizaxes de maneira efectiva, xa sexa individualmente ou en grupo. Require a adquisición das capacidades básicas fundamentais necesarias para a aprendizaxe complementaria, como a lectura e a escritura. Se se dispoñen as aprendizaxes de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para aprender, para organizar, memorizar e recuperar a información, especialmente útiles nesta área, estarase a favorecer esta competencia. Por outra banda, a reflexión sobre que se aprendeu, como se fixo, de quen e onde o aprendeu, así como o esforzo por contalo oralmente e por escrito, contribuirá sen dúbida ao seu desenvolvemento.

Competencia en comunicación lingüística

A área contribúe a esta competencia porque a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte dos aprendizaxes da área; esta información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, por tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico, observar un fenómeno ou entender un texto científico esixe procedementos diferenciados de procura, selección, organización e interpretación que son obxecto prioritario de aprendizaxe nesta área. O alumnado deberá diferenciar progresivamente entre a linguaxe que fai posible a comunicación entre as persoas e o que utiliza a ciencia para explicar os feitos e fenómenos. Empregarase tanto a linguaxe oral como o escrito, o gráfico ou o simbólico, sendo importante o vocabulario específico utilizado pola área.

Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Na área expónse a toma de decisións desde o coñecemento dun mesmo, na planificación de forma autónoma e creativa de actividades e na habilidade para planificar e xestionar proxectos, traballando de forma individual ou en grupo. Estes coñecementos póñense ao servizo dalgunhas destrezas como a capacidade de análise, resolución de problemas, comunicación e presentación de proxectos, capacidade de liderado e delegación, pensamento crítico e sentido da responsabilidade, avaliación e auto-avaliación.

Competencia conciencia e expresión cultural

Esta competencia, con respecto á área de Ciencias Naturais, require os coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións da herdanza cultural nos ámbitos tecnolóxicos e ambientais de Galiza. Tendo en conta que en moitas ocasións estas actividades supoñen un traballo colectivo, é necesario asumir habilidades de cooperación para lograr resultados finais colectivos.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As persoas somos seres vivos	A situación de aprendizaxe desta unidade coloca o alumnado no centro da aprendizaxe. Incídese en que as persoas somos seres vivos, sinalando como é o noso corpo e como crecemos e cambiamos. Nesta ocasión reflexiónase sobre os cambios que se van producindo nos seus corpos ao longo da vida e sobre o seu funcionamento corporal e sobre a importancia dos hábitos saudables en	15	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As persoas somos seres vivos	alimentación, hixiene, ocio e descanso para favorecer un bo desenvolvemento tanto do corpo como da mente.	15	15	X		
2	A nutrición é importante	Na situación de aprendizaxe desta unidade fará que o alumnado centrarse en que para vivir necesitamos alimentos e osíxeno que tomamos do aire. É importante que cada alumno coñeza como se desenvolve a nutrición e que reflexione sobre a importancia de contribuír a que o aire sexa limpo para que a respiración sexa idónea. Incídese nos aspectos fundamentais da alimentación e en como se desenvolven a dixestión, a circulación e a excreción.	20	10	X		
3	A relación e a reprodución	A situación de aprendizaxe trata de sinalar como usamos os nosos cinco sentidos para explorar o noso contorno e aprender sobre o mundo. Inténtase analizar e comprender como se desenvolven as persoas con discapacidade, reflexionando sobre como é o noso mundo e como nos relacionamos con el mediante a vista, o oído, o olfacto, o gusto e o tacto. Analízase a importancia da reprodución das persoas, como a de todos os seres vivos, e valóranse as experiencias persoais sobre novos nacementos no seu propio contorno.	20	10		X	
4	Coidas a saúde?	Nesta ocasión, a situación de aprendizaxe trata de investigar sobre o bo estado de saúde dos nosos alumnos e para iso promoverase manter e mellorar hábitos saudables diarios baseados na hixiene, alimentación, exercicio e descanso, así como acudir periodicamente ás revisións médicas recomendadas. Gozar de boa saúde produce que o noso corpo funcione correctamente e que nos sintamos ben tanto física como emocionalmente; por iso, tamén é importante coidar as relacións sociais entre o alumnado, procurando que sexan o máis sas e saudables posible.	20	10		X	
5	Forzas e máquinas por todas as partes	Os seres humanos, desde tempos remotos, usamos as máquinas como medio de apoio na gran maioría das nosas tarefas diarias. Na Prehistoria eran ramas ou pedras que tallándoas funcionaban como ferramentas para a caza, pero co avance do tempo foron sofisticándose e automatizándose de modo que mesmo chegan a facer tarefas por nós. Estas máquinas axúdannos en toda clase de tarefas, mellorando considerablemente a vida do ser humano e converténdose en material imprescindible para a vida diaria.	15	13			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Navegamos por Internet	<p>Na actualidade facemos un uso frecuente de Internet para acceder a calquera tipo de información ou medio e interactuar con outras persoas a distancia. Na situación de aprendizaxe desta última unidade do curso, propónselles aos alumnos e alumnas unha serie de medidas que promoven o uso axeitado das tecnoloxías da información e comunicación.</p> <p>Transmitiranse os valores cívicos e sociais necesarios para que o alumnado mostre respecto polas normas de uso, de seguridade e de mantemento e, á súa vez, potenciarase o desenvolvemento do pensamento crítico persoal para que reflexione sobre o uso individual que realiza das redes e outras plataformas.</p>	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As persoas somos seres vivos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece os nomes das partes da morfoloxía externa e identifica os aparellos implicados na realización de cada función vital.	PE	50
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, referidas a morfoloxía interna e externa do corpo humano.	TI	50
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Adopta hábitos xerais de vida saudables		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Xestiona as emocións propias e respecta as dos demais, mostrando empatía		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
2	A nutrición é importante	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Identifica os aparellos e órganos implicados na realización da función de nutrición.	PE	50
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e selecciona información utilizándoa en investigacións relacionadas ca función de nutrición.	TI	50
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados de investigacións comparando os resultados coas súas predicións..		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna. - Importancia da función de nutrición para o ser humano e identificación dos aparellos relacionados con ela (dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor). - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable. Pirámide dos alimentos e clasificación en función dos seus nutrientes principais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
3	A relación e a reprodución	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Identificar os aparellos e órganos do corpo implicados na función de relación e reprodución.	PE	50
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, investigacións relacionadas coa relación e a reprodución humana.	TI	50
CA3.4 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna que repercuten na saúde propia		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos rolos que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna. - Sistema nervioso e o aparello locomotor. Os ósos, as articulacións e os músculos. Hábitos de hixiene postural nas súas actividades diarias. - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Importancia da calidade do aire e auga da nosa contorna. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
4	Coidas a saúde?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Recoñece hábitos de vida saudables : alimentación, exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	PE	50
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Identifica actitudes que fomenten o benestar emocional e social		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, utilizándoa en investigacións relacionadas coa nosa saúde.	TI	50
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais relacionados coa nosa saúde.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados. - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable. Pirámide dos alimentos e clasificación en función dos seus nutrientes principais. - Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, xestión do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais e estratexias para o fomento de relacións sociais saudables. Educación afectivo-sexual. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
5	Forzas e máquinas por todas as partes	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Coñecer as forzas e seu efecto sobre os obxectos dependendo do seu tamaño, masa e forma. Coñecer as máquinas simples, o seu efecto sobre as forzas e aplicacións na natureza e usos na vida cotiá.	PE	42
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	TI	58
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar probas de funcionamento da máquina construída por eles empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e os seus efectos sobre os corpos.	Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción de enerxía e os seus efectos sobre os corpos.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información para a elaboración do seu proxecto (máquina?)		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados. Planificación e montaxe dalgunha máquina de construción sinxela.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos

- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.
- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.
- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Cambios reversibles e irreversibles que experimenta a materia desde un estado inicial a un final para recoñecer os procesos e transformacións que ocorren na materia en situacións da vida cotiá.
- Características e propiedades da calor. Materiais condutores e illantes, instrumentos de medición e aplicacións na vida cotiá.
- Forzas de contacto e a distancia. Efecto sobre os obxectos dependendo do seu tamaño, masa e forma.
- Máquinas simples, o seu efecto sobre as forzas e aplicacións na natureza e usos na vida cotiá. Planificación e montaxe dalgunha máquina de construción sinxela.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
 - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
 - Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).
 - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
 - Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.
 - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
 - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
6	Navegamos por Internet	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Considerando ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe implementaremos metodoloxías que, partindo dos seus centros de interese, lles permitan construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. Os métodos serán flexibles e accesibles e axustaranse ás necesidades, ás características e aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Planearanse actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Serán tamén contextualizadas e respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Estas situacións de aprendizaxe permitirán aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe futuros.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos, especialmente naqueles aspectos máis directamente relacionados coas competencias. Por iso os obxectivos de aprendizaxes serán compartidos co alumnado expoñéndolles de xeito explícito e transparente para que eles-as os comprendan con exactitude e reflexionen en como acadar o éxito.

Fomentaremos a reflexión e investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e desafío intelectual. Isto implicará procesos de procura, selección, análise e interpretación da información para partir do manexo de fontes e recursos variados e fundamentándose no proceso de traballo de investigación. Todas as tarefas e proxectos suporán o uso significativo da lectura, a escritura, o uso das TIC e a expresión oral.

As actividades de clase favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o traballo cooperativo permitindo que o alumnado vaia asumindo responsabilidades persoais progresivamente e actúe de forma cooperativa. Traballaremos a cultura do esforzo a partir dun traballo individual sistemático, planificado e supervisado. Con pequenos agrupamentos fomentamos aprendizaxe colaborativa a través de tarefas nas que o alumnado participa activamente na negociación de roles, responsabilidades e resultados. Os agrupamentos serán flexibles en función da tarefa a desenvolver e das características individuais dos alumnos con obxecto de realizar tarefas puntuais de enriquecemento ou reforzo. Os grupos de habituais de 4-5 membros variarán de compoñentes para favorecer as habilidades sociais.

Seleccionaranse materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesibles. Organizarémolos en espazos accesibles e o alumnado poderá dispor do seu uso no momento que o consideren necesario, responsabilizándose do seu bo manexo, coidado e organización.

Crearemos “O recanto das ciencias” para a experimentación, así como a creación doutros espazos físicos e dixitais para a exposición das producións do alumnado (blogues, páxinas web, presentacións interactivas, revistas dixitais, murais, colaxes, pinturas, proxectos, experimentos, carteis etc.)

Dentro da biblioteca de aula teremos cómics históricos, atlas, libros e revistas divulgativas etc. ,referidos a cada unidade de Ciencias, que poidan ser usados polo alumnado a xeito de consulta ou ao finalizaren as tarefas asignadas a modo de actividade de lecer.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o persoal profesorado titor, mestres especialistas, especialista en AL e PT, orientadora. Contamos tamén con recursos persoais externos que colaboran connosco: as familias, concello e persoal doutras institucións.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta e de texto,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, circuitos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables ...

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, versión dixital dos textos, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de polos creativos, radio escolar, xardín, contorna natural...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Recollerase información nas entrevistas coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar ...
- Consulta de expedientes en DO, de habelos.
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades de expresión oral e escrita.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	20	20	15	10	100
Proba escrita	50	50	50	50	42	0	44
Táboa de indicadores	50	50	50	50	58	100	56

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas e listaxes de observación entre outros. A través destas táboas rexistraranse os resultados das actividades diarias, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións, o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, o resultado das producións individuais en cadernos, fichas, murais...e grupais así como o respecto polos compañeiros, especialmente aqueles aspectos

relacionados cos criterios de avaliación que se indican diferenciados en cada unidade.. Estas taboas de indicadores terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

.As probas escritas serán probas obxectivas cualificadas con cuantificadores de 0 a 10: serán exames, as tarefas en fichas, traballos no caderno.Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados. Como criterio xeral establecemos os seguintes criterios en cada unidade:

Cualificación trimestral

Probas escritas 50%

Táboa de indicadores de rexistros de aula 50%

Cualificación final

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Polo tanto o resultado da avaliación corresponderáse coa do 3º trimestre.

Criterios de recuperación:

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades. Estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo e figuran dentro do referido á atención á diversidade.

As actividades de reforzo ordinario centraranse nas dificultades detectadas en cada alumno-a. Traballarase de forma máis individualiza co alumno-a que precise recuperar axudándoos a identificar, mellorar ou superar a dificultade que ocasionou a non superación da avaliación. As actividades de reforzo serán levadas a cabo polo profesorado que imparte a área e en determinados casos por profesorado con dispoñibilidade horario. No que corresponde a esta área versarán principalmente en:

Fomentar hábitos de atención, organización e constancia no traballo.

Lectura y comprensión lectora.

Expresión escrita.

Técnicas de estudio.

Reforzar a autoestima persoal, escolar e social.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Medidas ordinarias de atención á diversidade.

Estas facilitarán a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación. Serán as seguintes:

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida. En caso de profesorado especialista deberá poñelo en coñecemento do profesorado titor, deberá informar á xefatura de estudos e á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais do alumnado. O

desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levará a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a materia. En determinados casos pódese contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral á conxunto da aula. Este reforzo só á secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

- Programas de enriquecemento curricular

En caso de ter alumnado con altas capacidades levaremos a cabo programas de enriquecemento curricular para promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquietudes, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifieste devandito alumnado, e manter o seu nivel de motivación. Desenvolveranse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso no que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais. Será o profesorado da materia as actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado beneficiase desa medida.

- Plan específico de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis neste curso

Organizarase para este alumnado un plan específico de reforzo co fin de atender e superar as dificultades que levaron á súa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

Medidas extraordinarias

Aplicaranse co alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/o supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.

- Adaptacións curriculares

Realizaranse en caso de alumnado con necesidades educativas especiais. Supoñerán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo. . Para a súa elaboración, previo informe psicopedagógico, partírase do currículo de referencia de 4º nivel, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai a desenvolver ao longo do ciclo ou curso. Contarase coa intervención de especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. O apoio deste profesorado centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e do fala. Realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria e fose da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional.

- Atención educativa domiciliaria. Organizarase para o alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes ou aqueles que padezan algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses. Atención educativa hospitalaria.

- En caso de Media hospitalización: entre quince e trinta días ou de Curta hospitalización: menos de quince días o profesorado coordinarase co centro hospitalario para as medidas e actividades educativas que leven a cabo.

- Atención educativa virtual. Se temos alumnado que non acuda a clase, como consecuencia dunha emerxencia sanitaria e sexa xustificada a súa ausencia, o profesorado de cada área será o responsable desta atención educativa.

ESTIMACIÓN DE NÚMERO DE REFORZOS EDUCATIVOS NA AULA E NÚMERO DE ALUMNADO QUE SE PREVÉ SEXA ATENDIDO EN DO

Medidas ordinarias de atención á diversidade.

- Alumnado que se prevé que sexa atendido polo D.O.

En 4º A hai solicitados varios estudos para informe. As causas son dificultades na comprensión e expresión escritas e razonamento. Algunhas delas consideráanse previamente compatibles con dislexia, disgrafías ou disortografías e outras con dificultades de atención.

En 4º B

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

En 4º A hai varios alumnos que recibirán diariamente RE por parte da titora , unha hora pola mestra con dispoñibilidade horaria e outra hora pola mestra de Proa+. Ámbalas dúas acudirán a aula a realizar estes apoios.

Nesta área de CN hai un alumno suspenso en 3 nivel que recibirá RE nesta materia referido á necesidade de estudio e as técnicas do mesmo.

- Programas de enriquecemento curricular

En 4ºA temos un alumno que flexibilizou de 1º a 3º nivel, non se prevé que precise programa de enriquecemento curricular.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

1.- Lectura e comprensión de textos desta área. Traballar a lectura comprensiva, de maneira que os alumnos desenvolvan unha actitude crítica e poidan formar a súa propia opinión sobre os mesmos. Lectura e realización de exercicios específicos sobre as diferentes aspectos que cobre o currículo de Ciencias da Natureza. Adquisición de vocabulario a través da lectura e comprensión dos mencionados textos.

Expresión redactada das aprendizaxes desta área. Exposición de forma oral e tamén escrita dos contidos traballados na clase. Elaboración e argumentación de opinións en debates e coloquios.

Realización procuras guiadas de información na rede. Coñecemento e aplicación de estratexias de acceso e traballo na internet. Utilización dos recursos citados do apartado de recursos tecnolóxicos e dixitais desta programación.

Profuso emprego do taboleiro dixital, e outros recursos didáctico-tecnolóxicos do material editorial . Moitos da contidos da área traballaranse a partir do visionado de curtametraxes e vídeos divulgativos.

A través desta materia traballaranse e reforzarán os hábitos de vida saudables, relativos á alimentación, a hixiene e o exercicio físico, os hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos, o concepto da ecoloxía, o coñecemento e fomento das formas de reciclaxe, así como das fontes de enerxías renovables, o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo, respecto das normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, a equidade social e étnica e a educación non-sexista. Desenvolver capacidades que xeren actitudes de autonomía persoal, democráticas, responsables, tolerantes, participativas, activas, solidarias e respectuosas co desenvolvemento sostible e o medio ambiente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...	X		
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X		
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X		
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...	X		
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller¿	X		

Observacións:

Saídas culturais.

Programase unha por cada trimestre:

- Casa Grande de Xanceda no 1º trimestre
- Casa Museo Manuel María e Castro de Viladonga no 2º trimestre.
- Parque de actividades para o 3º trimestre

Saídas á contorna

Varias ao longo do curso pola contorna do colexio: recoller elementos naturais, realizar observacións ...

Charlas formativas

Varias ao longo do curso: reciclaxe, igualdade de xénero, ciberseguridade..

Obradoiros

Varios ao longo do curso: estampación, igualdade de xénero, papel reciclado...

Conmemoracións

Varias das sinaladas no calendario escolar

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización previa e a organización interna de cada unha das unidades foi adecuado
Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada motivou e favoreceu a comprensión por parte do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización grupal, os recantos de actividade na aula favoreceron a aprendizaxe
A proveitamos os recursos dos que dispoñemos para favorecer a aprendizaxe
Medidas de atención á diversidade
Conseguín poñer en practica a atención individualizada a aula con RE a quen o precisa
Clima de traballo na aula
O clima de traballo na aula foi amigable, distendido, atento e produtivo de cara á aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A reunións co resto do equipo docente e coas familias foron periódicas e positivas.

Descrición:

Neste apartado promoveremos a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica reflexionaremos sobre unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casillas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse ao remate de cada avaliación. Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do axenda de clase e o planeamento anual para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre

que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados